

## As Tertulias Literarias QUEREMOS TANTO AOS LIBROS

Escrito por  
Luns, 01 Agosto 2005 06:19

---

**A LIBRERIA LIBRAIDA** e o **INSTITUTO DE ESTUDOS MIÑORANOS** organizan nunha actividade novedosa no Val Miñor

AS TERTULIAS LITERARIAS  
**"QUEREMOS TANTO AOS LIBROS "**

Darñ comezo o día 5 de Agosto, ás 20:30H na LIBRERÍA LIBRAIDA  
( Rua Rosal-a de Castro 13, Gondomar ).

A nosa primeira proposta é:

**IDENTIDADES ASESINAS** de **AMIN MAALOUF**  
con XULIAN MAURE.

Continuaremos o 2 de Setembro, ás 20:30 horas, con:

**BUENO PARA COMER** de **MARVIN HARRIS**  
con CARLOS MEIXOME.

Anímate a participar, lendo os libros, achegándote ás tertulias, propoñendo libros e relatores...

E sobre todo indote de alta co teu correo electrónico para que che enviemos toda a información dos actos que organicemos, e as convocatorias correspondentes.

OS TÍTULOS DAS TERTULIAS PODERÁS ENCONTRALOS EN LIBRAIDA  
Librería Libraida : Rosal-a de Castro 13, Gondomar - T. 986 389199 [info@libraida.e.telefonica.net](mailto:info@libraida.e.telefonica.net)

### Amin Maalouf

Líbano, 1949

Un cidadán da escrita.

Autor libanés residente en Francia, gañador do Premio Goncourt en 1993. Coñecedor da lingua árabe e a francesa, de familia musulmá e cristiá, Maalouf é un dos novelistas que maior atención prestou á cultura mediterránea. As súas novelas sempre xiran arredor da xeografía, a historia e os conflitos relixiosos no Mediterráneo. O Mediterráneo aparece sempre presentado, nas súas obras, como lugar de encontro entre culturas, como espazo simbólico de convivencia e tolerancia. O seu maior éxito ata agora acadouno coa publicación da novela histórica *Leñ o africano*, pero toda a súa obra mereceu un gran recoñecemento. A súa última novela é

*A viaxe de Baldassare*

e a súa obra narrativa posúe un oportuno complemento co magnífico ensaio

*Identidades asasinadas*

. Nel exprime a idea que preside toda a súa obra de ficción ao propor unha defensa do respecto ás culturas minoritarias e ou minorizadas. Defende a integración relixiosa e cultural co marco do Mediterráneo como fondo.

### Xulián Maure

Vigo, 1941.

Un intelectual entre nós.

O profesor Maure, vixinos introducir na obra de Amin Maalouf, da que é un bon coñecedor. É especialista en Lingüística e Filosofía. Foi director do Instituto de Nigrán e editor pioneiro entre os galegos actuais. Xulián Maure foi o primeiro director e fundador de Edicións Xerais de Galicia; foi o responsable do libro na primeira Xunta de Galicia, co cargo de subdirector xeral. Promotor, fundador e Presidente da Asociación de Tradutores Galegos. Director da Biblioteca virtual (Bivir.com). Autor de *Galicia sen libros. Informe sobre o libro galego* (1987), e do libro *Un novo camiño*

*para unha vella utopía*

(Edicións do Cumio, 2004) no que reflexiona sobre asuntos concomitantes cos que Amin Maalouf trata nas súas obras.

## As Tertulia Literarias QUEREMOS TANTO AOS LIBROS

Escrito por  
Luns, 01 Agosto 2005 06:19

---